



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

Expte. N° 04/18-P

### CONVOCATORIA

Conforme co disposto pola Alcaldía, convócaselle á sesión do órgano que se indica, que se realizará na data, hora e lugar expresados, para tratar dos asuntos da Orde do Día transcrita.-

**Sesión de:** Pleno

**Convocatoria:** Ordinaria

**Data da sesión:** 04 de abril de 2018

**Hora:** 20:00

**Lugar:** Casa do Concello

### ORDE DO DÍA

- 1º.- Aprobación da acta da sesión anterior (3/2018-P).-
- 2º.- Expediente de recoñecemento extraxudicial P2/2018.-
- 3º.- Proposta subsanación solicitude subvencións Programa operativo FEDER crecemento sostible 2014-2020.-

**Control de Órganos de Goberno:**

- 4º.- Informes e comunicacións.-
- 5º.- Mocións.-
- 6º.- Rogos e preguntas.-

O que se comunica para os correspondentes efectos.-

Sada, o Secretario que asina á marxe na data da sinatura dixital.-



**NÚMERO 3/18**

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 22 DE FEBREIRO DE 2018.-**

Na Casa do Concello de Sada, ás vinte horas e tres minutos do día vinte e dous de febreiro de dous mil dezaioito, reúnese o Pleno do Concello en sesión ordinaria que se celebra en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Alcalde D. Óscar Benito Portela Fernández, estando presentes os concelleiros D. Ernesto Anido Varela, D<sup>a</sup>. Raquel Bolaño Fariñas, D<sup>a</sup>. Zeltia Natividade García Ben, D. Alberto Manuel García Cotelo, D<sup>a</sup>. María José García Freire, D. José Emilio Gómez López, D. Marcos López Mallo, D. Francisco José Montouto Pérez, D<sup>a</sup>. María Pardo Fafián, D<sup>a</sup>. María del Carmen Pose Varela, D<sup>a</sup>. Isabel Reimundez Suárez, D<sup>a</sup>. María Soraya Salorio Porral, D. Xosé Lois Suárez Becerra, D. José Luís Tellado Villares e D. Miguel Tenreiro Bouza, asistidos polo Secretario da Corporación, D. Emilio Seijo Frías. Está presente o Interventor, D. Jaime Presas Beneyto. Non asiste, escusando a súa ausencia, o concelleiro D. Ramón Rodríguez Ares.-

Aberta a sesión pola Presidencia, procédese ao exame dos asuntos da Orde do Día, adoptándose os seguintes acordos:

**1º.- Aprobación da acta da sesión anterior.-**

Apróbase por unanimidade a acta da sesión nº 2/2018, de 23 de xaneiro de 2018.-

**2º.- Recoñecemento extraxudicial P1/2018.-**

O sr. Alcalde dá conta do ditame favorable ao recoñecemento extraxudicial de créditos P1/2018. Todos os grupos maniféstanse a favor, agás o PP por parte do cal intervéñen o sr. López criticando a reiteración dos mesmos defectos que se veñen poñendo de manifesto en todos os expedientes de recoñecemento de créditos, coa agravante de incluírse neste créditos para gastos facilmente previsibles, coma o relativo á sardiñada ou ás subvencións, que poñen de manifesto descoordinación e mala xestión, a pesar do cal o seu grupo votará a favor para non prexudicar aos provedores.-

Efectuada votación apróbase por unanimidade o seguinte acordo:

1º.- Aprobar a autorización, disposición e recoñecemento da obriga polos gastos xustificadas nas facturas incluídas no presente expediente de recoñecemento extraxudicial polo que, segundo relación que se xunta, se imputa gasto procedente de exercicios anteriores ao orzamento corrente por importe de 184.866,85.- euros.-

2º.- Aprobar o recoñecemento da obriga pola xustificación das subvencións nominativas de educación e servizos sociais 2017 segundo relación que se xunta por importe de 102.720.- euros.-

3º.- Aprobar a disposición de gasto, recoñecemento da obriga e denegación das axudas á escolarización e transporte con fin escolar curso 2017/18 de acordo coa relación que se xunta que ascende ao importe total de 8.673,90.- euros.-

**3º.- Expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de limpeza viaria e de praias.-**

O sr. Alcalde somete a exame da Corporación o expediente incoado para a contratación por procedemento aberto dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada, que se fundamenta na carencia de medios propios do Concello para a prestación destes servizos e a inconveniencia de adquirilos por resultar antieconómico, e que foi ditaminado favorablemente pola Comisión Xeral por considerar, á vista dos informes emitidos, que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas determinan o obxecto e contido do contrato de forma idónea para atender á natureza e extensión das necesidades a cubrir, que dadas as características do contrato o procedemento de adxudicación procedente é o aberto con varios criterios de adxudicación, e que se cumpren os requisitos esixidos polas disposicións de aplicación.-

A Alcaldía dá conta das modificacións realizadas no prego de cláusulas administrativas para introducir aspectos sociais e medioambientais a través de condicións especiais de execución e criterios de adxudicación. Todos os grupos maniféstanse a favor do ditame, agás o grupo PP, por parte do cal o sr. López Mallo manifesta diversas obxeccións, como que segundo afirma os pregos non estean asinados, os criterios de adxudicación sumen 85 puntos, limpeza de praias igual para todas, indeterminación nas zonas de varrido de repaso, etc., obxeccións ás que resposta o sr. Alcalde.-

Efectuada votación apróbase por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, dos servizos de limpeza viaria e de praias no término municipal de Sada, cun prezo de licitación de 2.085.400.- euros (dous millóns oitenta e cinco mil catrocentos euros), do cal corresponde ao importe do IVE a suma de 189.581,82.- euros.-

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán dita contratación.-

3º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 163.22715 do Presuposto municipal, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.-



4º.- Abrir o procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para presentación de proposicións polo prazo de corenta días”.-

**4º.- Expediente de contratación por procedemento aberto do servizo de axuda no fogar.-**

A concelleira delegada sra. Reimúndez expón a proposta de aprobación do expediente de contratación por procedemento aberto dos servizos de Axuda no Fogar, que se fundamenta na carencia de medios propios do Concello para a prestación destes servizos e a inconveniencia de adquirilos por resultar antieconómico, e que foi ditaminado favorablemente pola Comisión Xeral por considerar, á vista dos informes emitidos, que o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas determinan o obxecto e contido do contrato de forma idónea para atender á natureza e extensión das necesidades a cubrir, que dadas as características do contrato o procedemento de adxudicación procedente é o aberto con varios criterios de adxudicación, e que se cumpren os requisitos esixidos polas disposicións de aplicación. Destaca a sra. Reimúndez o incremento do importe do contrato para dar servizos a un número de usuarios moi superior ao do contrato anterior, e diversos aspectos tidos en conta na elaboración dos pregos, como o cumprimento do convenio colectivo, mantemento da plantilla de traballadores da empresa, deber de confidencialidade e compromiso co medio ambiente, etc.-

O sr. Gómez destaca a importancia deste contrato pola necesidade social destes servizos e polos postos de traballo que xenera.-

A sra. Bolaño, que destaca o esforzo económico do Concello e da Deputación, anuncia o voto a favor do seu grupo.-

A sra. Salorio considera que o contrato ten mais presuposto porque o anterior era de 2013 e había moitos menos usuarios; non sabe quen asina os pregos e quere saber quen decidiu o seu contido, isto é unha falla de rigor, ao igual que as contradicións que segundo afirma existen nos pregos e das que considera exemplo que o prego regule as condicións da subcontratación e no cadro de características a prohiba, un contrato desta importancia debe facerse co máximo rigor; considera que debe retirarse o asunto para corrixir deficiencias nos pregos e sometelo a pleno novamente; o seu grupo votará en contra.-

O sr. Alcalde agradece as achegas aos pregos e o traballo da concellería, así como o labor do persoal dos servizos sociais que cos mesmos efectivos antes atendía a 50 usuarios e agora a 122; tras falar da escasa achega que fai a Xunta a este servizo, que é da súa competencia e lamentar o atraso por parte dos servizos autonómicos en resolver as solicitudes de dependencia, o que representa mais gasto para o concello, manifesta que este contrato supón mellorar os servizos e crear emprego.-

Efectuada votación apróbase por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto, con varios criterios de adxudicación, dos servizos de Axuda no Fogar, establecendo como prezo do contrato, en función da estimación do número de horas de prestación dos servizos, o tipo de licitación de 14,00 euros por hora para os servizos ordinarios e de 15,50 euros por hora para os servizos extraordinarios, prezos aos que se lles aplicará o tipo de IVE correspondente, non podendo exceder o importe total anual do contrato da cantidade que para esta finalidade figure no orzamento municipal de cada exercicio, establecendo como presuposto total máximo do contrato a suma de 1.414.038,60.- euros (un millón catrocentos catorce mil trinta e oito euros e sesenta céntimos), do que corresponde ao importe do IVE a suma de 54.386,10.- euros.-

2º.- Aprobar o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o Prego de Prescricións Técnicas que rexerán dita contratación.-

3º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación do Presuposto municipal 2310.22743 para o SAF básico e 2310.22749 para o SAF dependencia, asumindo o compromiso e obriga de consignar nos sucesivos exercicios orzamentarios, ata a conclusión do contrato, os créditos nas contías suficientes para facer fronte ás obrigas contractuais.-

4º.- Abrir o procedemento de adxudicación mediante publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial do Estado, no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante do Concello, para presentación de proposicións polo prazo de corenta días.-

**5º.- Delegación dos procesos de selección do persoal relativos á Policía Local.-**

Examinado e achado conforme o proxecto de convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para a asunción pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia da convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para acceso ás categorías do corpo de policía local e as prazas de auxiliares de policía local, ao abeiro do Decreto 115/2017, do 17 de novembro, polo que se regula a cooperación da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia cos concellos na selección dos membros dos corpos de policía local, vixilantes municipais e auxiliares de policía local, norma ditada en desenvolvemento do artigo 32 da Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Local de Galicia, modificada por Lei 9/2016, e considerando de



interese, para o máis eficiente exercicio das competencias municipais na materia, a delegación de competencias contemplada en dito instrumento, de conformidade co ditame da Comisión acórdase por unanimidade:

1º.- Delegar na Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia as competencias relativas á convocatoria e desenvolvemento dos procesos selectivos para o acceso ás diferentes categorías do Corpo municipal da Policía Local e ás prazas de auxiliares de policía local deste Concello, de conformidade co previsto no artigo 32.7 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e no artigo 2.2 do Decreto 115/2017 do 17 de novembro, mediante a adhesión deste Concello ao Convenio tipo correspondente, que se aproba neste acto.-

2º.- Facultar ao sr. Alcalde-Presidente para a sinatura do convenio e para a adopción de cantas resolucións esixa a debida execución deste.-

#### **Control de Órganos de Goberno:**

#### **6º.- Informes e comunicacións.-**

- Dáse conta ao Pleno das Resolucións ditadas pola Alcaldía no período de 22-1-2018 a 16-2-2018.-

#### **7º.- Mocións.-**

Ao abeiro do artigo 64 do Regulamento Orgánico, preséntanse as seguintes mocións de urxencia.-

#### **7.1º.- Moción de Apoio á Folga Feminista do 8 de marzo de 2018.-**

A sra. Reimúndez presenta a moción do grupo BNG de apoio á folga feminista do 8 de marzo, cuxa urxencia xustifica en que a brecha salarial entre homes e mulleres é un feito, as mulleres están fartas de discriminación laboral e demandan lexislación mais clara nesta materia. Pide ao Partido Popular empatía e consideración coa realidade social e coas desigualdades para aprobar a urxencia da moción.-

Efectuada votación, resulta aprobada por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, a declaración de urxencia da moción, pasando a sra. Reimundez a expoñer as motivacións da convocatoria da folga e as cuestións que se reivindicaban coa mesma.-

Intervén, a continuación, a sra. Bolaño polo grupo Socialista manifestando seu acordo coa moción e animando as mulleres, e incluso homes, a que se sumen á folga, para pasar a expoñer os seus argumentos a favor da mesma.-

Polo grupo Sadamaioría fala a sra. García Ben indicando que súa formación apoia á Comisión 8M e á plataforma que se creou para organizar a folga feminista e que espera que este Pleno apoie esta iniciativa por unanimidade. Indica que lle gustaría saber a opinión respecto da folga das mulleres do PP de Sada.-

Polo grupo do Partido Popular intervén a sra. García Freire indicando que as mulleres do PP creen nas mulleres, pero que entenden que o tema se resolve traballando e non indo á folga. Expón algunhas das afirmacións da convocatoria xeral da folga coas que non está de acordo o seu grupo, que considera que esta folga aposta polo enfrontamento entre mulleres e homes, cando a igualdade conséguese coa unidade e coa corresponsabilidade, e que se trata dunha folga elitista e insolidaria que non ten en conta ás mulleres en paro nin ás que non poden abandonar o seu negocio ou ás persoas dependentes que atenden.-

Sometida a votación a moción, resulta a mesma aprobada por maioría, con nove votos a favor e sete en contra, quedando adoptado, en consecuencia, o seguinte acordo:

O Concello de Sada comprométese a:

1. Apoiar a Folga Xeral das Mulleres, facilitando o seu desenvolvemento nesta Corporación.-
2. Facilitar con todos os medios materiais, persoais e de difusión as manifestacións, concentracións, actividades e actos que convoquen as asociacións feministas este 8 de marzo.-
3. Pendurar á bandeira feminista no Concello como símbolo de apoio aos dereitos das mulleres.-

#### **7.2º.- Moción para demandar dos poderes públicos e dos órganos de participación unha folla de ruta sobre o cando e o como se incorpora o Pazo de Meirás ao patrimonio público.-**

O sr. Montouto presenta a moción do grupo Sadamaioría para demandar dos poderes públicos e dos órganos de participación unha folla de ruta sobre o cando e o como se incorpora o Pazo de Meirás ao patrimonio público, argumentando que a urxencia ven motivada polas noticias aparecidas no últimos días nos medios de comunicación sobre a posible venda deste inmovible, o que obriga a que os poderes públicos e as distintas mesas de órganos de participación definan e precisen canto antes unha folla de ruta para acadar tal obxectivo de incorporación a custo cero para as arcas públicas.-

Efectuada a votación, resulta desestimada a urxencia da moción por oito votos a favor e oito en contra, ao non acadarse a maioría necesaria.-

#### **7.3º.- Moción para a renovación do peche frontal e acceso ó CEIP Sada e seus contornos.-**

O sr. Anido presenta a moción do grupo Popular para a renovación do peche frontal e acceso ao CEIP Sada e Seus Contornos, xustificando a súa urxencia en que este peche esta moi deteriorado, leva tempo apuntalado e, por seguridade, debe ser renovado, o que segundo o PXOM pode facerse na aliñación actual do peche existente, habendo ademais xa un proxecto feito co informe favorable de patrimonio.-



Efectuada a votación, resulta aprobada por unanimidade a declaración de urxencia, polo que o sr. Anido agradece a todo os grupos o apoio e insta ó sr. Alcalde a reparar, canto antes, este peche, ben con fondos propios ou ben instando á Xunta a que o faga, dado que o importante é solucionar ese problema de seguridade que ten o colexio.-

A sra. Bolaño, polo grupo PSOE, destaca que o sr. Anido admita a opción de que se inste á Xunta a executar a reparación, que na moción presentada non se contempla. Di que o peche leva apuntalado moito tempo, se ben a prioridade neste momento é a cubrición do patio para que poida haber a asignatura de Educación Física; era necesaria a aprobación do PXOM para acometer o proxecto que é de 2013 e que tivo unha reunión esta mesma mañá en Patrimonio para buscar solucións técnicas ao respecto. Engade que os técnicos consultados informaron de que o apuntalamento non supón perigo e que se está a priorizar afrontar este verán en conxunto a cubrición do patio e o peche. Indica que, tal como está redactada a moción, non vai votar a favor.-

O sr. Montouto, por Sadamaioría, indica que esa obra se pode acometer gracias a que hai un PXOM aprobado e a que se detectou un erro na normativa respecto do texto no que aparecen as aliñacións.-

O sr. Anido explica que no seu momento a reparación do peche quedou posposta para unha fase posterior porque as normas subsidiarias vixentes nese momento obrigarían a retranquear o peche reducindo o espazo frontal do colexio.-

O sr. Gómez do grupo Sada Popular considera unha irresponsabilidade de todos os alcaldes que o peche do colexio poida ofrecer perigo, di que hai que pedir un informe inmediato sobre o estado do muro, e pregunta se hai un informe do técnico municipal. A sra. Bolaño lembra que o muro leva 20 anos apuntalado, fai referencia a informes solicitados xa en lexislaturas anteriores nos que se lle dicía que o muro non ofrecía perigo, e refire as xestións efectuadas por ela como concelleira delegada en relación co asunto, ata chegar á solución obtida na reunión de hoxe con Patrimonio. O sr. Montouto explica cuestións relacionadas co planeamento.-

O sr. Anido fai referencia a un informe do ano 2012 que indicaba que non había perigo inminente pero que aconsellaba renovar o antes posible o muro, considera que se debe actuar de inmediato.-

O sr. Alcalde somete a votación a moción, producíndose empate por oito votos a favor e oito votos en contra, resultado que se repite en segunda votación, dirimindo o empate o voto de calidade da Presidencia, en contra da moción, que queda rexeitada.-

#### **8º.- Rogos e preguntas.-**

O sr. Gómez fai os seguintes rogos e preguntas:

- 1) Roga que o sr. Alcalde mande urxentemente un técnico especialista que informe sobre o estado do peche do CEIP Sada e seus Contornos.-
- 2) Pregunta se se poden rir nos plenos ou non.-
- 3) Pregunta se o sr. Alcalde sabe o que quere dicir “titiritero”, afirmando o sr. Alcalde que non vai responder esa pregunta.-
- 4) Pregunta se, no caso de que durante o mandato da Corporación se producisen cambios na actividade profesional dun concelleiro, debe este modificar a declaración de actividades feita antes de tomar posesión do cargo. Indica o alcalde que se lle contestará por escrito.-
- 5) O sr. Gómez roga ao sr. Alcalde que esixa ao portavoz do Partido Popular que actualice a súa declaración de intereses e non oculte datos aos cidadáns.-

A sra. Salorio fai as seguintes preguntas en relación coa organización das festas do pasado Entroido facendo referencia á unha chamada dos taxistas pedindo a colaboración do seu grupo municipal, molestos pola utilización do seu espazo por parte do Concello:

- 1) Pregunta se existe autorización de Patrimonio para a instalación da carpa, que agora é unha carpa corrente, e o escenario na contorna do edificio de A Terraza.-
- 2) Pregunta se consideran adecuado furar a praza para a ancoraxe da mencionada carpa en lugar de asegurala con sacos de area.-
- 3) Pregunta se consideran razoable deixar ao colectivo de taxis sen espazo para esperar ós seus clientes usuarios, véndose obrigados a invadir o aparcamento público.-
- 4) Pregunta se non sería mais espazoso e menos molesto para todos utilizar a praza Irmáns Suárez Picallo para este tipo de festas como o Entroido.-

Responde a sra. Pardo que na Praza Irmáns Suárez Picallo non é adecuada para instalar unha carpa en tempo invernal polas escorrentías da auga; que hai un informe de Patrimonio que desaconsella a instalación da “carpa acendida”; en relación coa queixa dos taxistas explica que debido ás chuvias intensas foi necesario decidir de forma urxente unha cambio de localización das instalacións, dado o estado do céspede, e indica que se falou con todos os taxistas sobre o tema, non estando todos en desacordo. Engade finalmente que, durante toda a celebración do entroido houbo 17 prazas a disposición dos taxistas e que en ningún momento estiveron todas ocupadas, só se usaron seis.-



CONCELLO  
DE  
SADA  
(A CORUÑA)

A sra. García Freire pregunta se sería posible a eliminación da acta dos plenos en papel, dado que sintetiza ás veces moito as intervencións, tendo en conta a existencia de videoactas asinadas polo sr. Secretario. Informa o sr. Secretario que non o permite a lei.-

O sr. Anido fai dúas preguntas:

1) En relación ao derribo e legalización de vivendas na urbanización de Pazos e facendo referencia a un estudo de legalización contratado polo concello, pregunta ao sr. Alcalde se lle parece honrado escudarse falsamente en outros para xustificar aquilo que se ve obrigado a facer.

Responde o sr. Montouto, tras unha exposición previa de antecedentes, que o sr. Alcalde outorgou as licenzas de parcelación e de legalización conforme á legalidade e ao planeamento vixente, contando con todos os informes favorables, non só o técnico do arquitecto técnico municipal, senón tamén o xurídico do técnico de Administración Xeral e polo Secretario do Concello, a quen se lle solicitou un informe complementario, como consta no expediente.-

O sr. Anido reformula a pregunta inquirindo se o Concello lle pasou a conta do estudo de legalización á empresa privada e se ao sr. Alcalde lle parece honrado escudarse falsamente nun informe dun arquitecto, que di unha cousa distinta á que el di que dixo.-

Responde o sr. Montouto indicando que a licenza se concede en base aos proxectos presentados, e neses proxectos se xustificaba que se podían legalizar catro vivendas e os peches; que o asunto presentaba dúbidas, tal como manifestaron incluso por escrito, motivo polo que se encargaron os informes xurídicos oportunos; e que a empresa contratou ao arquitecto que decidiu libremente, sen intervención do concello, e que o concello encargou o estudo de viabilidade externamente pola falla de arquitecto municipal e pola carga de traballo do arquitecto técnico municipal nese momento.-

O sr. Alcalde recorda que a sentenza é firme desde o ano 2010 e o anterior goberno non fixo nada por executala, e lembra que a concesión de licenzas é un acto regrado e non se pode mirar a quen se lle dan. Indica, ademais, que o resultado final depende do xuíz, que pode resolver que esa legalización non é aceptable, caso no cal Abanca tería que derribar todo, asumindo o custo e sen carga para os sadenses.-

2) Pregunta quen cortou unha árbore detrás de A Terraza e con que permiso, se de Patrimonio ou do Concello. Responde o sr. Alcalde se lle deu orden á empresa encargada da xardinería porque a árbore estaba podrecida.-

Non habendo outros asuntos que tratar, ás vinte e tres horas e tres minutos do día ao comezo indicado, o sr. Alcalde levanta a sesión, da que se estende esta acta. Do que eu, o Secretario, dou fe.-

A través da páxina web do Concello pódese acceder aos arquivos asinados dixitalmente por este Secretario que conteñen a gravación de imaxe e son desta sesión, coas distintas intervencións dos participantes.-